

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0627	Xestión administrativa do comercio internacional	2019/2020	7	187	224
MP0627_13	Contexto actual do comercio internacional	2019/2020	7	27	32
MP0627_23	Proceso de administración relativo ao comercio internacional	2019/2020	7	80	96
MP0627_33	Xestión alfandegueira	2019/2020	7	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ RODRÍGUEZ NOYA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo, nomeadamente do sector do comercio e márketing público e privado, realizando funcións de planificación, organización, xestión e asesoramento de actividades de comercio internacional.

Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan a súa empresa, realizando actividades de comercio internacional, ou por conta allea, que exercen a súa actividade no departamento de comercio internacional dentro dos subsectores de:

- Industria, comercio e agricultura, no departamento de comercio internacional.
- Entidades financeiras e de seguros, no departamento de exterior.
- Empresas intermediarias no comercio internacional, como axencias transitarias, axencias comerciais, empresas consignatarias, axencias de alfándegas, empresas de asesoramento comercial e xurídico, etc.
- Empresas importadoras, exportadoras e distribuidoras-comercializadoras.
- Empresas de loxística e transporte.
- Asociacións, institucións, organismos e organizacións non gobernamentais.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a en comercio exterior.
- Técnico/a de operacións exteriores de entidades financeiras e de seguros.
- Técnico/a en administración de comercio internacional.
- Asistente ou adxunto/a de comercio internacional.
- Axente de comercio internacional.
- Técnico/a de márketing internacional.
- Técnico/a de márketing dixital internacional.
- Técnico/a de venda internacional.
- Asistente ao departamento de operacións comerciais internacionais.
- Transitario/a.
- Consignatario/a de buques.
- Operador/ora loxístico/a.
- Xefe/a de almacén.
- Técnico/a en loxística do transporte.
- Coordinador/ora loxístico/a.
- Técnico/a en loxística inversa.

Vilagarcía, capital da Ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela, conta cunha poboación de case 35.000 habitantes, o que a converte na oitava cidade de Galicia. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitas persoas, que escollen esta cidade para fixa-la súa residencia, xa sexa primeira, segunda ou de vacacións.

Posúe infraestruturas comerciais relevantes, un porto de interese xeral, estación do ferrocarril, acceso directo á autopista, aeroporto a media hora de camino .

Ademais atopamos un recinto feiral, cámara de comercio, unha administración alfandagueira, e moitas empresas dedicadas a exportación e importación de mercaderías.

Por todas estas razóns, Vilagarcía de Arousa é un lugar ideal para o comercio, en concreto para o comercio internacional.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS RELACIONADOS CO COMERCIO INTERNACIONAL.	Organismos do comercio internacional e o marco xurídico comunitario.	16	7
2	SISTEMAS DE INFORMACIÓN APLICADOS AO COMERCIO INTERNACIONAL.	Organismos que facilitan datos e estatísticas para o comercio internacional.	8	4
3	BARREIRAS AO COMERCIO INTERNACIONAL.	Descrición das diferentes barreiras ao comercio internacional	8	4
4	NORMATIVA ALFANDEGUEIRA BÁSICA. ORIGE DAS MERCANCÍAS.	A LEXISLACIÓN ALFANDEGUEIRA. A ORIGE.	20	9
5	O ARANCEL	CLASIFICACIÓN ARANCELARIA E CÁLCULO.	19	8
6	O VALOR EN ALFÁNDEGA	MÉTODOS DE VALORACIÓN.	24	11
7	FISCALIDADE DO COMERCIO EXTERIOR NAS ALFÁNDEGAS	A DÉBEDA ALFANDEGUEIRA	18	8
8	OPERACIÓNS INTRACOMUNITARIAS. O INTRASTAT	O IVE NAS EXPEDIÇÕES E INTRODUCIÓNS. O INTRASTAT.	15	7
9	XESTIÓN ALFANDEGUEIRA DAS IMPORTACIÓNS E DAS EXPORTACIÓNS	O PROCESO DE DESPACHO ALFANDEGUEIRO.	36	16
10	REXIMENES ECONÓMICOS ALFANDEGUEIROS. OEA	DESTINOS ALFANDEGUEIROS.	24	10
11	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA ALFANDEGUEIRA.	APLICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DOS DOCUMENTOS DE DESPACHO.	36	16



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	ORGANISMOS E INSTITUCCIONS RELACIONADOS CO COMERCIO INTERNACIONAL.	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina institucións e organismos relacionados co comercio internacional, e analiza as súas principais funcións.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analízase a estrutura de balanza de pagamentos, diferenciando as balanzas que a compoñen.
CA1.2 Clasifícanse as funcións das institucións e dos organismos económicos principais de ámbito internacional.
CA1.3 Analízase o proceso de integración económica internacional, diferenciando os niveis de integración.
CA1.4 Analízase o proceso de integración económica europea e a súa repercusión no comercio comunitario.
CA1.5 Identifícanse as institucións comunitarias, e as súas principais funcións e competencias.
CA1.6 Analízase o marco xurídico comunitario e identifícanse as normas con incidencia no intercambio comercial.

4.1.e) Contidos

Contidos
Balanza de pagamentos: concepto e estrutura.
Organización Mundial de Comercio (OMC).
Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).
Fondo Monetario Internacional.
Banco Mundial.
Outros organismos internacionais que afectan o comercio.
Instituto de Comercio Exterior (ICEX).
Cámara de Comercio Internacional. Bases de datos.
Obtención de información a través de internet.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	SISTEMAS DE INFORMACION APLICADOS AO COMERCIO INTERNACIONAL.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza un sistema de información eficaz para as operacións de compravenda internacional, utilizando as ferramentas informáticas axeitadas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Elaboráronse bases de datos para as operacións de comercio internacional.
CA2.2 Confeccionáronse ficheiros mestres de clientes e provedores.
CA2.3 Elaborouse a información que habitualmente solicita o cliente ou o provedor nas operacións de compravenda internacional.
CA2.4 Realizouse o mantemento e a actualización das bases de datos de clientes e provedores.
CA2.5 Elaboráronse informes sobre clientes e/ou provedores a partir das bases de datos dispoñibles.
CA2.6 Aplicouse a normativa legal e fiscal do país de destino da mercadoría que se vaia exportar.
CA2.7 Procesouse e arquivouse adecuadamente a información xerada nas operacións de compravenda internacional realizadas para a súa posterior utilización en futuras operacións.

4.2.e) Contidos

Contidos
Fontes de información sobre comercio internacional. Identificación de organismos e institucións que facilitan información.
Instituto de Comercio Exterior (ICEX).
Cámara de Comercio Internacional. Bases de datos.
Obtención de información a través de internet.
Deseño, utilización e mantemento de bases de datos de clientes e provedores.
Sistemas de comunicación con clientes e provedores.
Sistemas de arquivo de documentación xerada nas operacións de comercio internacional.
Deseño, utilización e actualización de bases de datos con información das operacións de comercio internacional.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	BARREIRAS AO COMERCIO INTERNACIONAL.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as barreiras ao comercio internacional, analizando a normativa que as regula.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizáronse as barreiras arancelarias á importación de mercadorías e outras medidas de efecto equivalente.
CA3.2 Analizáronse os principais instrumentos de protección comercial de natureza cuantitativa, que limitan ou restrinxen as importacións de mercadorías.
CA3.3 Analizouse a función do arancel de alfándegas como instrumento de protección e a súa repercusión sobre o comercio internacional.
CA3.4 Identificáronse as medidas de defensa da competencia internacional aplicables no marco da OMC.
CA3.5 Caracterizáronse as cláusulas de salvagarda e as medidas de vixilancia, analizando os casos en que procede a súa aplicación na Unión Europea.
CA3.6 Caracterizáronse as principais barreiras técnicas e administrativas ao comercio.
CA3.7 Determináronse as medidas de apoio e fomento ás exportacións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Proceso de integración económica: niveis e fases de integración. Integración europea e integracións económicas internacionais.
Unión Europea: institucións e marco xurídico.
Barreiras arancelarias á importación de mercadorías: arancel de alfándegas e medidas de efecto equivalente.
OPolítica agrícola común (PAC).
Barreiras non arancelarias. Restricións cuantitativas á importación.
Medidas de defensa da competencia.
Medidas de salvagarda.
Barreiras técnicas e administrativas á importación: certificados de normalización, homologación e control de calidade; certificados sanitarios, fitosanitarios e veterinarios; certificados SOIVRE e CITES, etc.
Barreiras fiscais.
Instrumentos de protección das exportacións.
Política comercial común.
Réxime de comercio das importacións e das exportacións.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	NORMATIVA ALFANDEGUEIRA BÁSICA. ORIXE DAS MERCANCÍAS.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as diferenzas entre unha importación e unha introdución, e entre unha exportación e unha expedición.
CA1.2 Identifícanse os documentos que se requiren nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, así como os procedementos para a súa tramitación e xestión, e os organismos e os elementos implicados.
CA1.3 Determinouse a orixe das mercadorías e a documentación que se require para a súa acreditación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Normativa europea alfandegueira básica: CAC, CAM e regulamento de aplicación.
Orixe das mercadorías: Criterios para a atribución da orixe: orixe preferencial e non preferencial. Xustificación ou acreditación da orixe: certificados de orixe para a exportación e para a importación.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O ARANCEL	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Determinouse o valor en alfándega de diversas mercadorías.
CA1.5 Efectuouse a clasificación arancelaria das mercadorías.

4.5.e) Contidos

Contidos
Arancel de alfándegas: estrutura e tarifas. Arancel integrado comunitario.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O VALOR EN ALFÁNDEGA	24

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Determinouse a orixe das mercadorías e a documentación que se require para a súa acreditación.
CA1.4 Determinouse o valor en alfándega de diversas mercadorías.

4.6.e) Contidos

Contidos
Valoración en alfándega das mercadorías: métodos. Declaración de valor en alfándega (documento DV1).



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	FISCALIDADE DO COMERCIO EXTERIOR NAS ALFÁNDEGAS	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Determináronse os impostos e outros tributos que gravan as operacións de comercio internacional que integran a débeda alfandegueira.
CA1.7 Determinouse a débeda alfandegueira de diferentes mercadorías e as súas garantías.
CA1.8 Recoñecéronse os procesos administrativos de xestión alfandegueira.

4.7.e) Contidos

Contidos
Fiscalidade do comercio exterior nas alfándegas: caso particular de Canarias, Ceuta e Melilla.
Débeda alfandegueira e garantías.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	OPERACIÓNS INTRACOMUNITARIAS. O INTRASTAT	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os procedementos administrativos das operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, con interpretación da normativa.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Recoñecerónse os procesos administrativos de xestión alfandegueira.
CA1.9 Analizouse o sistema de declaración estatística das operacións intracomunitarias (INTRASTAT).

4.8.e) Contidos

Contidos
Operacións intracomunitarias. Sistema Intrastat.



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	XESTIÓN ALFANDEGUEIRA DAS IMPORTACIÓNS E DAS EXPORTACIÓNS	36

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora e cobre a documentación necesaria para as operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretáronse as cláusulas que se inclúen nos contratos de compravenda internacional e confeccionouse o contrato de compravenda.
CA1.2 Confeccionáronse os documentos comerciais, de transporte e de seguro que se requiren nas operacións de compravenda internacional.
CA1.3 Supervisouse a documentación comercial e administrativa correspondente a unha operación de comercio internacional, e comprobáronse as condicións pactadas no contrato.
CA1.4 Cubríronse os documentos de xestión alfandegueira de diversas operacións de compravenda internacional.

4.9.e) Contidos

Contidos
Xestión alfandegueira das importacións e das exportacións: normativa.



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	REXIMENES ECONÓMICOS ALFANDEGUEIROS.OEA	24

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora e cobre a documentación necesaria para as operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realízouse a xestión alfandegueira de operacións relativas a distintos réximes alfandegueiros.

4.10.e) Contidos

Contidos
<p>Procedemento de xestión alfandegueira ou despacho de importacións e exportacións. Presentación da mercadoría: declaración sumaria; declaración de entrada e/ou saída ENS e EXS. Presentación da declaración de importación e exportación. DUA e demais documen</p> <p>Réximes económicos alfandegueiros: normativa aplicable; procedemento e documentación necesaria para a súa xestión.</p> <p>Outros destinos alfandegueiros: normativa, documentación e procedemento de xestión.</p> <p>Operador económico autorizado</p>



4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA ALFANDENGUEIRA.	36

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora e cobre a documentación necesaria para as operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Utilizouse un paquete informático de xestión administrativa para a obtención da documentación necesaria para as operacións de compravenda internacional.

4.11.e) Contidos

Contidos
Aplicación informática de xestión administrativa e alfandegueira das operacións de importación e exportación.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES

1. Analizouse a estrutura de balanza de pagamentos, diferenciando as balanzas que a compoñen.
2. Analizouse o proceso de integración económica internacional, diferenciando os niveis de integración.
3. Analizouse o proceso de integración económica europea e a súa repercusión no comercio comunitario.
4. Identificáronse as institucións comunitarias, e as súas principais funcións e competencias.
5. Elaboráronse bases de datos para as operacións de comercio internacional.
6. Elaborouse a información que habitualmente solicita o cliente ou o provedor nas operacións de compravenda internacional.
7. Aplicouse a normativa legal e fiscal do país de destino da mercadoría que se vaia exportar.
8. Procesouse e arquivouse adecuadamente a información xerada nas operacións de compravenda internacional realizadas para a súa posterior utilización en futuras operacións.
9. Analizáronse as barreiras arancelarias á importación de mercadorías e outras medidas de efecto equivalente.
10. Analizouse a función do arancel de alfándegas como instrumento de protección e a súa repercusión sobre o comercio internacional.
11. Identificáronse as medidas de defensa da competencia internacional aplicables no marco da OMC.
12. Caracterizáronse as cláusulas de salvagarda e as medidas de vixilancia, analizando os casos en que procede a súa aplicación na Unión Europea.
13. Caracterizáronse as principais barreiras técnicas e administrativas ao comercio.
14. Determináronse as medidas de apoio e fomento ás exportacións.
15. Identificáronse as diferenzas entre unha importación e unha introdución, e entre unha exportación e unha expedición.
16. Identificáronse os documentos que se requiren nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición, así como os procedementos para a súa tramitación e xestión, e os organismos e os elementos implicados.
17. Determinouse a orixe das mercadorías e a documentación que se require para a súa acreditación.
18. Efectuouse a clasificación arancelaria das mercadorías.
19. Determinouse o valor en alfándega de diversas mercadorías.
20. Determináronse os impostos e outros tributos que gravan as operacións de comercio internacional que integran a débeda alfandegueira.
21. Recoñecéronse os procesos administrativos de xestión alfandegueira.
22. Analizouse o sistema de declaración estatística das operacións intracomunitarias (INTRASTAT).
23. Supervisouse a documentación comercial e administrativa correspondente a unha operación de comercio internacional, e comprobáronse as condicións pactadas no contrato.
24. Cubríronse os documentos de xestión alfandegueira de diversas operacións de compravenda internacional.
25. Realizouse a xestión alfandegueira de operacións relativas a distintos réximes alfandegueiros.
26. Utilizouse un paquete informático de xestión administrativa para a obtención da documentación necesaria para as operacións de compravenda internacional.
27. Realizáronse cálculos necesarios para determinar o importe final da importación/exportación tendo en conta todos os costes e aplicando os INCOTERMS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota de cada UD fixarase en base a probas obxectivas con contido teórico o teórico-práctico, traballos individuais y/o en grupo, actividades e



exercicios, manexo de aplicacións informáticas e participación na clase. Os instrumentos cos que se pretende avaliar o proceso de aprendizaxe terán en conta as características, intereses e capacidades do alumnado, escollendo actividades que faciliten o aprendizaxe por significativo

Ponderacións:

1. As probas obxectivas ponderarán un 70% da nota da UD e se valorará de 0 a 10. Para facer media será necesario obter a lo menos un 5 en cada unha das probas escritas propostas o que será reflexo de que o alumno acadar os mínimos esixibles fixados nesta programación. Cando o profesor o estime oportuno poderá establecer unha proba obxectiva conxunta para valorar os mínimos acadados en dous ou máis UD.

2. Os traballos individuais y/o en grupo ponderarán un 20% da nota da UD e se valorará a entrega puntual, a orde, a presentación, a exposición oral e o traballo en equipo. Se en algunha UD non se propuxeran traballos,, o 20% correspondente a este apartado se repartirá a partes iguais nos outros (10% para probas obxectivas e 10% a actividades/exercicios...) Os traballos se valorarán tendo en conta táboas de observación. y/o plantillas de corrección segundo o caso.

3. Manexo de aplicacións informáticas, actividades e exercicios e participación na clase ponderará un 10% da nota de UD.

Criterios ortográficos: Por cada falta de ortografía se baixará a nota 0.01 con un máximo de o 10% da nota. Aqueles alumnos que suspendan a proba por as faltas e non polos falta de dominio dos contidos, terán dereito a unha proba sobre ortografía para conseguir avaliación positiva.

A nota final de avaliación se obterá segundo os criterios de cualificación anteriormente mencionados aplicados ás unidades didácticas impartidas nese trimestre, sendo necesario acadar 5 puntos para ter superada a avaliación o que será reflexo de ter acadado os mínimos esixibles establecidos na programación. Si nunha avaliación se impartisen máis de unha unidade formativa, a nota da avaliación será a media ponderada das unidades formativas impartidas nesa avaliación. Se nunha avaliación non se imparte a totalidade dunha unidade formativa, o alumno poderá superar a avaliación cando saque ao menos un cinco nesa avaliación o que no implica que supere la unidade formativa no completada nesa avaliación.

A nota final do módulo será a media aritmética das tres avaliacións sendo necesario ter aprobada cada unidade formativa (5 puntos) para poder superar o modulo. A nota de cada unidade formativa obterase como resultado de aplicar os criterios de cualificación indicados neste apartado ás unidades didácticas que as compoñen.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que no superaran a 1ª e a 2ª avaliación realizarán unha proba de recuperación con parte práctica e teórica que se baseará nos mínimos esixibles non acadados (só UD non superadas) e que terá a mesma estrutura que as realizadas durante o curso. Esta proba realizarase trala entrega dos boletíns da 1ª e 2ª avaliación ao comezo do trimestre seguinte. Cando o profesor o estime oportuno e sempre que sexa posible en función do tempo dispoñible e non se vexa afectado o desenvolvemento normal desta programación poderase acordar a realización desta proba de recuperación antes das avaliacións correspondentes. A nota da avaliación calcularase atendendo aos criterios fixados no apartado 5 desta programación, é dicir, esta proba ponderará un 70%, respetando as notas trimestrais acadadas polas actividades e a participación na clase da avaliación correspondente á recuperación.. Cando o profesor o estime oportuno poderá esixir ao alumno a repetición o realización dalgúns dos traballos que realizáronse durante as correspondentes avaliacións.

Antes da terceira avaliación, farase unha recuperación para todos aqueles alumnos/as que non superara algunha das avaliacións, que se baseará



nos mínimos esixibles nos que non demostraran coñecementos suficientes de unha, dúas ou tres avaliacións segundo proceda que se cualificará atendendo aos criterios xa mencionados no apartado 5, é dicir, esta proba ponderará un 70%, respetando as notas trimestrais acadadas polas actividades e a participación na clase da avaliación correspondente á recuperación. O profesor poderá esixir ao alumno a repetición o realización dalgúns dos traballos que se realizaron durante as avaliacións que o alumno teña pediente

Recuperación do módulo: Os alumnos que non superaran o módulo deberán asistir a clase no horario fixado co fin de realizar as actividades de repaso e reforzo. Ditas actividades desembocarán nunha proba que se realicará en xuño, na que deberán demostrar que acadan os mínimos esixibles de todas e cada unha unidades formativas do módulo. Se realizará una proba teórico-práctica para cada unha das unidades formativas cunha duración máxima de 45 minutos cada unha. Para superar o módulo será necesario ter mínimo 5 puntos en cada proba sendo a nota final a media ponderada segundo o peso que cada unidade formativa ten asignada nesta programación. O resultado de esta proba será o 100% da nota. Os alumnos con perda de avaliación poderán presentarse a esta proba.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 25.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación continua do/a alumno/a require da súa asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia a clase non xustificadas, segundo os criterios legais e as normas do departamento, superior ao 10% do total do horario do módulo, perderá o dereito a avaliación continua e perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas as que se houberse presentado. Neste sentido, se un alumno ou alumna, ten aprobadas unha ou dúas avaliacións e incorre en perda de dereito á avaliación continua, non se lle garda a nota da/s avaliación/s superada/s, debendo realizar un exame de todos os contidos vistos durante o curso.

Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo dividida en tres partes: unha por cada unidade formativa) sobre todos os contidos do módulo nun exame final nas datas que determine o departamento e a xefatura de estudos do centro.

- 1.- Calquera alumno que se atope na devandita situación someterase ao final de curso a unha proba obxectiva mediante a cal o alumnado con pdac acreditará que alcanza os mínimos esixibles establecidos na presente programación. Realizarase una proba teórico práctica por cada unha das unidades formativas cunha duración máxima de 45 minutos cada unha. Para poder superar o módulo será necesario alcanzar ao menos un 5 en cada unha das probas sendo a nota final a media ponderada segundo o peso que cada unidade formativa ten asignada nesta programación.
- 2.- Este será o único instrumento para a avaliación final do alumno e non outro. Esta proba considerárase superada se o alumno alcanza un mínimo de 5 de puntuación, sumando as tres probas e tendo en conta o peso establecido para cada unha delas pero para facer media será necesario obter al menos un cinco en cada una das probas antes mencionadas.
3. Os contidos da proba aparecerán nun informe individualizado que realizará o profesor trala 3ª avaliación e que poderán recoller os alumnos na conxuntura do centro
4. A fecha da proba será publicada no tablón de anuncios do centro 15 días antes da súa realización e coincidirá ca fecha establecida para a proba final de módulo fixada para o resto do alumnado

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo establece ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. [DOG Núm. 136 Venres, 15 de xullo de 2011] ; o Departamento ou no seu caso o equipo docente do ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, fará o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase a principio de curso e terá como obxectivo avaliar cal é o estado de coñecementos e habilidades individuais dos alumnos e identificar posibles dificultades de aprendizaxe e problemas de comportamento. O equipo docente, pode adoptar decisións comúns cando así o requira a dinámica do grupo de alumnos.

Nas primeiras semanas entregarase un cuestionario a cada alumno do grupo para avaliar os coñecementos previos de aqueles contidos que son básicos para poder assimilar sen dificultades os contidos do módulo e para diagnosticar o grao de coñecemento dos mesmos. Tamén de forma complementaria, o profesor poderá preguntar aos alumnos sobre determinados aspectos do currículo para determinar o grao de coñecemento dos mesmos. En caso de detectar algunha deficiencia, se les enviarán actividades de reforzo cuxo contido variará en función das deficiencias atopadas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non ciñéndose exclusivamente aos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

A)As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétese dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que contan con horario destinado ao reforzo educativo.

Medidas tales como.

1.- Estratexias de Programación:

-Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo

-Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de profundización variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2.- Estratexias de Recursos Materiais:

-Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo e profundización.

3.- Estratexias Espaciais.

-Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada neno.

-Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.

- Realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de ordenador, etc.

B) Estratexias Persoais:



- Axuda entre iguais: Tutoría entre alumnos: un alumno, considerado experto nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominen.
- Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.
- Traballo colaborativo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.
- Ensino compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Esta programación enmarcase no documento "Normas de organización e funcionamento" (NOF) que é o documento do centro no cal establécense os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa (pais e nais, alumnado e profesorado), como se resolven conflitos etc.

Ao estar o ciclo nun IES onde hai alumnos de ESO e Bacharelato, os problemas de convivencia en forma de bullying poden aparecer con certa frecuencia. É por isto que neste módulo tamén se traballa de forma moi especial en:

- ¿ O respecto aos demais en cuanto a súas ideas e crenzas.
- ¿ O respecto aos dereitos dos demais en canto a o seu dereito á privacidade, dereito a recibir clase, dereito de imaxe, etc...

Pero no módulo non se poden descoidar aspectos que as empresas valoran moito:

- ¿ Responsabilidade no traballo: valorando a entrega das tarefas a tempo, a iniciativa no traballo, a atención ás explicacións, o traballo diario, etc.
- ¿ Traballo en equipo.
- ¿ Confianza nun mesmo: se motivará aos alumnos diariamente para que confíen nas súas posibilidades e para que non teña medo a preguntar e/o facer.

En xeral, en concordancia co Centro e en colaboración estreita con todo o equipo docente se traballará para transmitir aos alumnos valores que lles facilite no futuro, crecer non solo profesionalmente senón tamén como persoas de ben. Así se fomentará:

Educación para a paz.- Construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre os alumnos, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.- Desde o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc... e promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

Educación ambiental.- Facilitase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.

Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.

Educación para a saúde.- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.

Educación do consumidor.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.

Educación viaria.- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.



Outros temas.- Logo dos temas que aparecen nos transversais da LOGSE, a situación social actual leva a incluír outros novos, referidos á multiculturalidade, a tolerancia, o respecto dos Dereitos Humanos, etc... que se englobarían nun xeral sobre a Educación para a convivencia e a tolerancia.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER

A) Dentro da aula

Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora, pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver)

Discusión de dilemas morais. Consistiría en propor aos alumnos situacións antagónicas que lles expoñan conflito cognitivo, preguntándolles cal sería a mellor solución para o dilema.

Análise crítica. Supón solicitar información sobre unha situación que supoña conflito de valores, axuizala e tomar posición ante ela

Dramatizacións. Axudarán a pórse no posto do outro, o cal implica someterse ás normas que impón a propia coherencia do papel asumido e vivenciar os seus prexuízos, valores, etc

Regulación de conflitos. Manexar os conflitos que xorden na vida cotiá de forma non violenta senón racional e reflexivamente; negociando, acordando, etc.

B) Fora da aula:

Actos que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-violencia e da Paz, dos Dereitos Humanos, etc...)

Actos comunitarios convocados en colaboración con outros centros (deportes, festas, teatro, etc...)

Realizar actividades no medio natural que teñan como finalidade aprender a desenvolverse nel, comprometéndose ao seu coidado e conservación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

.. Atendérase ás actividades propostas polo departamento e se participará en todas aquelas actividades que organice o centro con diversas conmemoracións (Día da paz, da no violencia, Samaín, Nadal...)